

Á atención da alcaldía do Concelo de Chantada.

Proposta de protocolo para o SAF no Concello de Chantada a aplicar durante a crise do COVID-19.



Xustificación da necesidade de protocolo específico para o SAF.

No afán de colaborarmos co Goberno municipal durante a xestión da crise derivada da pandemia do COVID-19 propomos o seguinte documento para regular a prevención no SAF do Concello de Chantada. Empregamos como base o protocolo do Concello de Valga e tendo en conta que as traballadoras apenas recibiron o día 13 de marzo, vía *What's up* e após demandalo, o *Protocolo conxunto da Consellaría de Política Social e da Consellaría de Sanidade para os centros de servizos sociais como consecuencia da situación e evolución do Coronavirus (COVID-19)*, . Carécese, pois, dun protocolo específico para o SAF cando é un dos servizos municipais máis exposto e que pode igualmente ser factor de transmisión nun grupo social de risco crítico, como son os dependentes ás portas da fase crítica, canto a colapso sanitario se refire, desta crise (vindeiras tres semanas).

Igualmente, tivemos en conta o *Documento técnico de recomendacións de actuación desde os Servizos Sociais de anteción no fogar perante a crise por COVID-19*, do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2020, publicado o 16 de marzo. En síntese, este documento dispón:

- **Non deben interromperse**, en nengún caso, **as prestacións no fogar que garanten a cobertura de necesidades básicas esenciais.**

- Demandarase a **colaboración de todas as institucións e servizos implicados** (corpos e forzas de seguranza, sistema sanitario...) e **da cidadanía no seu conxunto** para que se alerte aos servizos sociais sobre casos que requiran atención e, xa que logo, cómpre **habilitar canles oportunas de comunicación para recibir alertas (24 horas)**.
- **Revisaranse os casos que estaban sendo atendidos en Centros de Día (sen SAF)** para verificar que están correctamente atendidos nas súas moradas e poderase mobilizar o persoal deses centros se é mester.
- **Reconfiguración inmediada, de forma personalizada, do contido das atencións domiciliarias** sendo flexíbel e adaptada a cada situación concreta. Débense reorganizar as atencións en función da prioridade (explicada na epígrafe 3.3. do devandito documento).
- **Perante as renuncias temporais ao SAF verificarase que a persoa está debidamente atendida, mediante a vía telefónica**, e non se adoptarán resolucións administrativas, por mor da excepcionalidade temporal da situación.
- **A dotación de persoal e de horas liberados do SAF** en función do anterior pasarán a unha **bolsa que xestionará o Concello** para habilitar novas axudas ou incrementar a intensidade das existentes, caso for necesario. **Reforzar no posíbel os planteis**.
- **Deberanse pór en andamento, con carácter de urxencia, novos servizos de atención no fogar** para persoas que o precisen, coa máxima celeridade e sen atender os procedementos habituais de contratación, de valoración de caso ou de resolución administrativa. Abondarán coa mera decisión facultativa.
- **Recoméndase especialmente a revisión dos casos de espera do SAF** mediante chamada telefónica e, no seu caso, as altas no servizo conforme os procedementos de urxencia explicados.
- **Recoméndase servizo de teleasistencia funcionando e intensificando as chamadas de control**. Coidamos require o reforzo dos servizos sociais pola vía da urxencia e mediante a reorganización do plantel municipal.
- **Dotar o persoal do SAF, con carácter prioritario dentro da estrutura municipal, das EPI's necesarios** (facendo chegar á FEGAMP o formulario coas necesidades do Concello) e **dándolle instrucións claras de autoobservación**. Demandar desde o ente municipal á Xunta o reparto inmediato e coordinado das EPI suficientes para o SAF dos Concellos. O traballo sen protección é un risco que non podemos correr neste momento, tanto pola saúde dos utentes e as súas familias, canto das traballadoras e do mantemento da operatividade dun servizo básico esencial.

No entanto, ambos documentos son marcos que non protocolos específicos, debendo desenvolver, como xa fixeron varios concellos un protocolo específico. Canto ao reforzo do servizo ou da teleasistencia remitímoslles ao documento de propostas rexistrado o 21 de marzo: *Propostas de Por Chantada-CUP para actuación desde o Goberno municipal perante a emerxencia sanitaria derivada do COVID-19*. A continuación, facemos chegar a nosa proposta para uso do Goberno municipal coas variacións que este estime oportunas.

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE CHANTADA PROTOCOLO DE MEDIDAS ESPECIAIS ADOPTADAS EN RELACIÓN Á PROPAGACIÓN DO CORONAVIRUS CON RESPEITO AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF).

O departamento de Servizos Sociais segue estando operativo através da vía telemática e telefónica no número 982 462 299 e do enderezo electrónico _____ para prestar o mellor dos servizos a toda a comunidade.

Faise un chamamento á cidadanía no seu conxunto para que se alerte aos servizos sociais sobre casos que requiran atención.

1.- Medidas especiais adoptadas en relación á propagación do coronavirus con respecto ao Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

A situación de Estado de Alarme e de Emerxencia Sanitaria grave precisa da colaboración de todas as persoas e a comprensión de todas as familias, máxime nun servizo onde se atende a persoas especialmente vulnerábeis e consideradas de alto risco, onde é fundamental protexer a súa saúde, tanto dos dependentes e as súas familias canto das traballadoras.

Temos que ser conscientes de que este persoal é imprescindible para garantir a atención de persoas que viven soas e sen rede de apoio familiar na contorna. Facemos un chamamento a toda a cidadanía apelando á responsabilidade e compromiso co mandamento das autoridades públicas a fin

de minimizar na medida do posíbel a liña de contaxio nun colectivo de extrema vulnerabilidade e, por ende, na comunidade en xeral. Por iso, o Concello de Chantada reorientará as prioridades do servizo de axuda no fogar atendendo aos seguintes criterios:

- **Suspensión temporal de acordo e a petición das familias-usuarias** daqueles casos nos que os servizos se limitaban unicamente á prestación de atención domésticas ou que contaban con rede de apoio familiar no domicilio ou na contorna que lle pode garantir as atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria. A tal efecto, contaránse os utentes que viven ou contan con familia de apoio, para informarlles da gravidade da situación, apelando á responsabilidade das familias e en beneficio dos/as dependentes e informar, orientar e deixar claro que a decisión de suspender temporalmente é súa, sen descartar que se poidan adoptar outras decisións en calquera momento seguindo as ordes e instrucións específicas para o sector que veñan impostas polas distintas administracións competentes. Esta suspensión non vai afectar, en ningún caso, ao seu dereito ao servizo e realizarase un seguimento telefónico diario desde os Servizos Sociais.
- **Limitaranse as intensidades do servizo no caso daqueles usuarios que contan con rede de apoio familiar en domicilio ou na súa contorna**, de xeito que se lle continue garantindo as atencións de carácter persoal na realización das actividades da vida diaria.
- **O SAF seguirá prestando con normalidade nos casos de persoas usuarias que viven soas e non cotan con rede de apoio familiar na súa contorna, así como aquelas situacións de urxencia valoradas polas técnicas e técnicos de Servizos Sociais Comunitarios e seguindo as instrucións que poidan ditarse polas administracións competentes.**
- **Se algunha persoa usuaria do servizo presenta síntomas, deberase comunicar de forma inmediata** a fin de valorar as medidas a adoptar.

Estas medidas están tomadas pensando no interese único, imprescindíbel e urxente de protección dos nosos maiores e dependentes, das nosas traballadoras e da nosa poboación en xeral seguindo as recomendacións facilitadas polas distintas administración e organismos competentes na materia.

O anterior, coas modificacións que o Goberno estime oportunas como xa indicamos, debería publicarse no site do Concello, das RR.SS e facerse chegar a todas as persoas utentes e traballadoras do SAF.

Reiterando a nosa total disposición a colaborar e agardando que lles sexa de utilidade a proposta, receban un cordial saúdo.

Chantada, 22 de marzo de 2020.

Grupo municipal Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular.